



## Teaching Guide

Identifying Data					2021/22
Subject (*)	Clinical Placement III		Code	750G01027	
Study programme	Grao en Enfermaría				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	Yearly	Third	Obligatory	18	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	García Martínez, Carmen María	E-mail	maria.garciam@udc.es		
Lecturers	Arantón Areosa, Luis Fernando García Martínez, Carmen María Pesado Cartelle, Jose Angel Varela Feal, Nuria Esther	E-mail	luis.aranton@udc.es maria.garciam@udc.es j.pesado@udc.es nuria.varela.feal@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
General description	Son estancias clínicas, correspondentes ao nivel intermedio da aprendizaxe práctica, nas que se lle esixe ao estudante un maior grao de profundización e integración dos coñecementos adquiridos, dirixidas á incorporación dos estudantes en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios. Pretende a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes nunha situación de coidado real.				
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Modifications to the contents</li> <li>2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> <li>*Teaching methodologies that are maintained</li> <li>*Teaching methodologies that are modified</li> </ul> </li> <li>3. Mechanisms for personalized attention to students</li> <li>4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> <li>*Evaluation observations:</li> </ul> </li> <li>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</li> </ol>				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.



B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

## Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario	A62	B1 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B13 B14 B22 B24	C1 C3
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as suas familias e grupos	A62	B1 B3 B6 B7 B9 B11 B12 B14 B15 B16	C1 C7 C12



Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital.	A62	B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B19	C3 C4 C10 C11
Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B5 B9 B10 B12 B13 B20	C7
Actuar segundo os principios éticos e legáis que guían a profesión. Cumplir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B13 B16 B24	C4 C11

Contents	
Topic	Sub-topic
Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios, que permiten ao alumnado a integración nas diferentes contornas clínicas, así como comprender e implementar as funcións das/os enfermeiras/os, integrando e desenvolvendo os coñecementos teóricos, as actitudes e as habilidades.	Prácticas Clínicas ámbito hospitalario. Prácticas Clínicas ámbito saúde mental. Prácticas Clínicas ambito sociosanitario.
Contidos dos seminarios no ambito da saúde mental: 1.- Seminario-taller introductorio: A práctica narrativa nos contextos de saúde-enfermidade. 2.- Seminarios-talleres: traballo con textos literarios. 3.- Seminario-taller de traballo autobiográfico vivencial.	Por que nos importan as historias? A función narrativa. Empatía e narrativa: As historias como acceso á comprensión do outro. Enfermidade e saúde, o seu impacto na biografía. Introdución á práctica narrativa en ciencias da saúde. A procura sentido: escoitar e interpretar as historias dos pacientes.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Seminar	A62 B22 B19 B14 B13 B12 B11 B10 B8 B3 B1 C1 C7 C10 C11	2	10	12
Problem solving	A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C11 C12	0	15	15



Student portfolio	A62 B3 B8 B12 C1 C7 C11 C12	0	22	22
Aprendizaxe servizo	A62 B1 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B22 C4 C10 C12	2	10	12
Introductory activities	A62 B1 B10 B11	2	0	2
Clinical practice placement	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	360	23	383
Personalized attention		4	0	4

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Seminar	<p>Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. Realízase un seminario obrigatorio antes do inicio da rotación no ámbito sociosanitario. para planificar e explicar o traballo que teñen que entregar durante a súa rotación no ámbito sociosanitario.</p> <p>- Unha parte desta metodoloxía poderase realizar de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre os docentes e o alumnado.</p>
Problem solving	<p>Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.</p> <p>No ámbito sociosanitario o alumnado debe seleccionar un residente, para realizar unha reflexión pormenorizada baseada na evidencia científica actual, seguindo una rúbrica colgada en Moodle e explicada durante o seminario obrigatorio. Será muy importante o manexo de fontes actuais e fiables ( protocolos vixentes, guías de practica clínica...)e as referencias según normativa Vancouver relativas a o tema tratado.</p> <p>Realízase tutoría obrigatoria para realizar a avaliación do relato reflexivo, os estudantes estarán citados e será una actividade obrigatoria a asistencia a mesma.</p> <p>- Unha parte desta metodoloxía poderase realizar de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre os docentes e o alumnado.</p>
Student portfolio	<p>Para a valoración final das prácticas (Saúde Mental) é obrigatorio a entrega dun portafolio (comentario reflexivo) (non cuantificable) sobre as vosas prácticas nas unidades de saúde mental polas que rotades. O máximo de extensión do comentario é de 350 palabras. O obxectivo dun ensaio reflexivo non só é falar do que aprendiches, senón que tamén é importante transmitir as túas experiencias persoais e as conclusións resultantes.</p> <p>- Realízase de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre os docentes e o alumnado.</p>
Aprendizaxe servizo	<p>Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.</p>



Introductory activities	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas nos diferentes ámbitos.</p> <p>Sesión na aula, se explica e aclaran todosos aspectos necesarios para o desenvolvemento adecuado da práctica clínica nos tres ámbitos da Estancia Clínica.</p> <p>Especificaránse traballos a entregar, datas de entrega, datas de comenzo da practica clínica e fichas de avaliación, normativa das Practicas Clínicas, accidentes biolóxicos....</p>
Clinical practice placement	<p>O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que o alumnado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma</p>

## Personalized attention

Methodologies	Description
<p>Clinical practice placement</p> <p>Aprendizaxe servizo</p> <p>Problem solving</p> <p>Student portfolio</p>	<p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas Clínicas ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o alumnado debe alcanzar.</p> <p>Realízase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa solución de problemas e con o aprendizaxe servizo ten como finalidade orientar o alumnado na realización dos mesmos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>A atención personalizada será obrigatoria na presentación do caso clínico que se realizará no ámbito sociosanitario.</p>

## Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Clinical practice placement	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	<p>A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a escola.</p> <p>Como resultado do rotatorio práctico, xerárase un informe final, o cal será elaborado polo profesor que tutorice ao alumno/a no centro sanitario. Este informe será finalmente valorado polo profesor responsable da materia.</p> <p>Na elaboración do informe final teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do/a alumno/a.</p> <p>O Alumnado coñecerá a ficha de avaliación, antes do inicio das Prácticas clínicas.</p>	60



Problem solving	A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C11 C12	<p>Criterios de avaliación no ámbito sociosanitario:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Asistencia obrigatoria (Seminario)</li><li>2. Presentación e estrutura :claridade e calidade narrativa.</li><li>3. Razoamento e Reflexión acerca da situación de cuidado.</li><li>4. Resolución de cuestións desde a evidencia científica.</li><li>5. Capacidade de Reflexionar sobre o seu nivel de expertía e dominio de competencias.</li><li>6. Bibliografía actualizada con referencia Vancouver</li></ol> <p>Según rúbrica de avaliación, entregada o primeiro día no seminario a todo o alumnado.</p> <p>Asistencia obrigatoria (Seminario)</p> <p>Criterios de avaliación no ámbito salud mental:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Asistencia obrigatoria (Seminarios).</li><li>2. Lectura de textos literarios e elaboración dun traballo reflexivo: se valorará estrutura, claridade e calidade narrativa. Razoamento e reflexión e a relación cas actividades clínicas.</li></ol> <p>Según rúbrica de avaliación presentada no moodle.</p>	40
-----------------	---	---	----

Assessment comments



## PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal e como consta na memoria do Título de Grao.

O alumnado para superar as estancias clínicas IV deberá ter realizado o 100% das prácticas, faltas de asistencia recuperadas e xustificadas e avaliación positiva dos profesionais con unha nota igual o superior a 5 (sobre 10).

Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas poden supor, a criterio dos profesores responsables da materia, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas.

A aplicación da cualificación correspondente realizarase a condición de que o alumno teña as dúas probas (Prácticas Clínicas e Solución de Problemas) superadas de maneira independente, en cada un dos ámbitos da Estancia Clínica

Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínica e Solución de problemas). A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 60% e solución de problemas 40%) en cada unha das partes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das Estancias Clínicas realizadas no ámbito hospitalario, sociosanitario e saúde mental. O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspenso

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán contorna á devandita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Solución de problemas) son a asistencia, participación e compromiso individual e grupal, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica e na solución de problemas, e as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas na convocatoria de maio-xuño conservaranse para a convocatoria de xullo, coa cualificación obtida.

Convocatoria de segunda oportunidade: En caso de non superación da materia (práctica clínica/solución de problemas), poderá recuperar a metodoloxía correspondente a: solución de problemas con laa presentación dun novo traballo de solución de problemas, se é a parte non superada.

No caso de ter SUSPENSAS as prácticas clínicas NON SON RECUPERABLES, está suxeito ao punto 5 do artigo 18 das NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DÁS CUALIFICACIÓNS DOS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO. Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017 que sinala:

"Nas materias que pola súa natureza avalíense exclusivamente mediante actividades non recuperables, como pode ser o caso das prácticas en empresas, o prácticum ou as prácticas clínicas, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais», neste caso só para a actividade de: solución de problemas.

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son se obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega na solución de problemas e nas prácticas fose significativa.

A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas, no caso de ser suspenso a proba: solución de problemas.

### Sources of information

<b>Basic</b>	A bibliografía básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomentan ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente (ver apartado 9: recomendacións).
<b>Complementary</b>	Bibliografía que os docentes recomenden ou indiquen a través do moodle

